


ACORDO INTERPROFESIONAL GALEGO SOBRE PROCEDEMENTOS EXTRAXUDICIAIS DE SOLUCIÓN DE CONFLICTOS DE TRABAJO (AGA)



**Detalle dos expedientes
xestionados**

**Laudos arbitrais e propostas de
mediación aceptadas**

DETALLE DOS EXPEDIENTES XESTIONADOS

DEREITO
SOCIAL

REVISIA
ALEGA
DE

Causas de remate dos expedientes:

1. Por falta de aceptación da contraparte afectada.
2. Polo transcurso do prazo sinalado para a aceptación expresa .
3. Por acordo das partes en conflito en canto ó tema de fondo (solución previa á tramitación total do procedemento).
4. Por falta de acordo entre as partes.
5. Por acordo entre as partes, en conciliación ou mediación.
6. Por laudo arbitral.

D A T A

	Escrito de iniciación	Acta de compromiso arbitral/ Constitución Comisión de Conciliación/ Mediación	Laudo Arbitral/ Acordo en Conciliación Mediación	Archivo das actuacións	Suxeitos promotores	Contraparte afectada	Tipo de conflicto colectivo	Obxecto do conflicto	Nº traball. afectados	Resultado final de cada expediente
Expte. 1/00-M Comunidade Autónoma (Mediación)	14/02/00	12/06/00	--	--	Mesa negociadora Convenio autonómico arrastre	--	Intereses (conflicto de sector)	Bloqueo negociación convenio autonómico	1.000	En tramitación
Expte. 2/00-A Pontevedra (Arbitraje)	23/03/00	29/02/00	31/03/00	03/04/00(6)	Empresa CROWN CORK, S.A. CC.OO	UGT CIG	Intereses (Conflicto de empresa)	Aplicación complemento compensación vacacións	119	Resultado positivo
Expte. 3/00-A A Coruña (Arbitraje) (Servicios mantemento)	06/04/00	07/04/00	10/04/00	10/04/00(6)	Comité de folga	URBASER, S.A. FERROL	Servicios de mantemento (Conflicto de empresa)	Fixación servicios mantemento de folga	95	Resultado positivo
Expte. 4/00-A Lugo (Arbitraje)	12/04/00	27/04/00	02/05/00	04/05/00(6)	UGT CC.OO	URBASER, S.A. LUGO	Interpretación (Conflicto de empresa)	Interpretación cláusula revisión salarial convenio	116	Resultado positivo
Expte. 5/00-C A Coruña (Conciliación)	18/04/00	18/04/00	--	24/04/00(1)	Comité de folga	Xestión de Serv. De emerxencia e atención ó cidadán, S.A. (G.S.E.)	Interpretación (Conflicto de empresa)	Interpretación do artigo 44 do ET	75	Resultado positivo

D A T A

	Escrito de iniciación	Acta de compromiso arbitral/ Constitución Comisión de Conciliación/ Mediación	Laudo Arbitral/ Acordo en Conciliación Mediación	Arquivo das actuacións	Suxeitos promotores	Contraparte afectada	Tipo de conflicto colectivo	Obxecto do conflicto	Nº traball. afectados	Resultado final de cada expediente
Expte. 6/00-A Pontevedra (Arbitraje)	14/02/00	28/04/00	02/06/00	14/06/00(6)	Comité de empresa (CC.OO, UGT e CIG)	Grupo de empresas Álvarez, S.A.	Intereses (Conflicto de empresa)	Aplicación tempos e rendementos mínimos esixibles	22	Resultado positivo
Expte. 7/00-C A Coruña (Conciliación)	26/04/00	--	--	24/05/00(1)	Comité de empresa	ERIMSA	Intereses (Conflicto de empresa)	Identificación de postos con riscos de penosidade	100	Rexeitamento
Expte. 8/00-C A Coruña (Conciliación)	26/04/00	--	--	09/05/00(1)	Comité de empresa	CRTVG	Interpretación (Conflicto de empresa)	Desacordo interpretación art. 21 convenio	50	Rexeitamento
Expte. 9/00-A Ourense (Arbitraje)	22/05/00	--	--	26/05/00(1)	CIG	Asoc. Empres. Fabricantes cadaleitos Ourense UGT CC.OO	Interpretación (Conflicto de sector)	Interpretación art. 11 do convenio de sector. Situación IT	320	Rexeitamento
Expte. 10/00-A Lugo (Arbitraje)	24/05/00	--	--	28/06/00(1)	UGT LUGO	Asoc. empresa. Limpeza edif. E locais CIG CC.OO	Interpretación (Conflicto de sector)	Determinación unidades negociación convenio	2.960	Rexeitamento

**LAUDOS ARBITRAIS E PROPOSTAS
DE MEDIACIÓN ACEPTADAS**

**REVISTA
GALEGA
DE
DEREITO
SOCIAL**

EXPEDIENTE 6/00

LAUDO ARBITRAL

JOSE M^o CASAS DE RON, designado polas partes árbitro en acta de compromiso arbitral de data 28 de abril de 2000, en procedemento de solución de conflitos, baseándose no establecido no Capítulo III do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA), procedemento número de referencia 6/00, no que son interesados dunha parte a representación legal dos traballadores a través do seu Comité de Empresa, e doutra o “G.E.A., S.A.”, mediante acta de compromiso arbitral remitida na data 28 de abril de 2000, como partes lexitimadas do conflito sobre diverxencias xurdidas entre as partes ó aplica-los tempos e rendementos mínimos esixibles, nas operacións dalgúns tipos de artigos, resolvo a cuestión presentada, visto o expediente e oídas as partes, por medio do presente laudo, baseándose nos seguintes.

Antecedentes

Debido ás graves discrepancias xurdidas na aplicación dos tempos esixibles en determinadas operacións por parte da dirección da empresa en diversas seccións desta, e toda vez que non se acadou acordo ningún nesta cuestión na Comisión de Ritmos e Tempos, as partes consideraron acudir ó sistema de solución de conflitos previstos no AGA, co fin de que se dicte resolución que estableza os tempos e rendementos mínimos esixibles nas seccións afectadas, incluíndose para estes efectos os dictames técnicos que se consideren necesarios.

Efectuando o compromiso arbitral na data 28 de abril de 2000, e designado como árbitro o que subscribe, comezouse co procedemento, de acordo co establecido no Acordo de Solución Extraxudicial de Conflitos Colectivos de Traballo. Con este fin, e en presenza de dona P.C.R., secretaria xeral do Consello Galego de Relacións Laborais e o letrado do Servicio de Solución de Conflitos, o árbitro reuniu na data 28.04.00 ás partes interesadas no domicilio social/centro de traballo, co fin de comeza-lo procedemento, nas condicións establecidas na súa norma de aplicación. Con este fin, comparecen, por parte da representación legal dos traballadores, dona M.R.M, do Sindicato de CC.OO., presidenta do Comité Intercentros; dona M.G.G., do Sindicato de CC.OO., don C.D.F., do Sindicato CC.OO., dona M.N.F., do Sindicato C.I.G., don J.P.D., da Unión Sindical Obreira (U.S.O), e dona M.S.L., do Sindicato U.G.T., membros os cinco da Comisión de Ritmos e Tempos da empresa; e doutra parte, os representantes da empresa GEA, don L.T.L.B., director de Recursos Humanos do Grupo, e don R.S.D., responsable de tempos e métodos da empresa.

O árbitro signifícalles as fases do procedemento, sinalando que, para tódolos efectos, garantíranse os principios de audiencia, contradicción e igualdade e comunícalles-las obrigas das partes de acordo coas previsións establecidas no art. 24 do AGA. Aberta dita comparecencia, as partes expoñen ó árbitro a súa postura, posición e pretensións, expresando ó actuante as graves diferencias que se consignaron no fixado e aplicación de tempos nas operacións da sección de decoración e cromado, e as súas consecuencias no sistema Bedaux en 16 artigos.

Para estes efectos, o árbitro comunica que se solicitará un dictame ou informe técnicos e que se obterá polos propios medios do Servicio Técnico de Solución de Conflitos do Consello Galego de Relacións Laborais, centrando o técnico interviniente as súas actividades nas operacións que interesan para os efectos de que o árbitro poida dictar laudo sobre o presuposto técnico e coas garantías que sexan esixibles. Comunica igualmente o árbitro que para a emisión deste dictame, o técnico actuante comunicárase coas partes interesadas co fin de que estes poidan efectua-las suxestións e consideracións que estimen oportunas. Unha

vez emitido dito informe, o árbitro encaixarao dentro do suposto arbitral, dictando resolución que, naturalmente considerará a solución técnica aportada no dictame.

Por último, comparecendo, a petición do árbitro actuante, o director de Métodos da empresa don R.S.D., co fin de facilita-los datos técnicos, reséñase a táboa empresarial obxecto da discrepancia entre partes, referida ós decorados “Ancora Salmón” e “Vilanova Azul”.

Artigo/Formato	Producción u/h normal	Producción u/h óptima
Prato pan	62	83
Prato sobremesa	55	74
Prato 26 cm.	46	61
Prato 28 cm.	39	52
Prato 31 cm.	36	48
Prato fondo	50	67
Fonte 16 cm.	43	58
Fonte 22 cm.	41	55
Fonte 28 cm.	40	53
Fonte 31 cm.	35	47
Cazoleta 13 cm.	36	48

Informe técnico

Baseándose nos anteriores presupostos, solicitouse a colaboración do Tribunal Laboral de Cataluña para a elaboración dun dictame técnico, destinándose para estes efectos ó enxeñeiro don A.T.C., que se desprazou ó centro de traballo os días 9, 10 e 11 de maio de 2000 para os efectos da recollida de datos e medicións oportunas, co fin de emiti-lo informe solicitado e poder determinar e asigna-los tempos normais e óptimos, para os efectos da aplicación do sistema puntos Bedaux que correspondan ós niveis normais e óptimos en produción de unidades/hora, efectuándose as tomas de datos de cronometraxe, e oscilando en mostras de entre 20 e 80 valores para cada unha das operacións, ponderando as mostras parciais de 2 e 4 operarios/as distintos para cada un deles nas operacións e artigos do cromado de decorado “Ancora Salmón” e “Vilanova azul”. O devandito informe foi remitido ó Servicio de Solución de Conflictos xunto cun cadro de valores vinculantes ó que se fará referencia, unha vez obtidos por medición directa establecendo artigo, puntos minuto/unidade, e produción unidades/hora, normal e óptima.

Conclusiones

Remitido o informe técnico, o árbitro considera en primeiro lugar que o devandito dictame realizouse dando satisfacción ós requisitos de audiencia, contradicción e igualdade, podendo as partes interesadas dar conta ó técnico actuante de suxestións e formalidades no exercicio da súa función; por outra parte, o devandito dictame supón para o árbitro o aporte de datos necesarios co fin de dictar laudo no conflito de intereses por aplicación de disposición técnica ante as diferencias na implantación e funcionamento do sistema puntos Bedaux.

Para estes efectos, hai que sinalar antes o seguinte: o árbitro, como consecuencia das estimacións efectuadas polo técnico actuante, non tivo en conta os valores técnicos pertencentes ó artigo que se designa como cazoleta 13, ó realizarse con mostras moi cortas, provocando unha alta dispersión entre os valores obtidos nos dous postos de traballo elixidos para a toma de datos. Así mesmo, os artigos saleiro, pementeiro, palilleiro, cinzeiro de auga, e floreiro baixo, artigos todos eles de moi pouca produción, non foron obxecto de descomposición e medición, pero o árbitro obtivo da dirección da empresa a seguridade de que polo seu moi baixo nivel de incidencia non presentará problemas na aplicación do sistema de medición de tempos/productividade, polo que unicamente a parte dispositiva do presente laudo afecta ós restantes 11 artigos.

Por todo o anterior e baseándose nas consideracións expostas, resolvo a cuestión en equidade baseándome nas previsións do dictame técnico que o árbitro actuante converte en vinculantes, dictando o seguinte laudo de acordo co artigo 3 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Conflictos Colectivos de Traballo, dictándose no prazo excepcional previsto no apartado 2º do artigo 24 do devandito acordo, xustificando na propia petición do informe técnico a que se fixo referencia, e sendo advertidas as partes da excepcionalidade á que se acolle o presente pronunciamento en canto ó seu prazo,

Único

Os valores, artigos, puntos e producións esixibles ou acadados no conflito sobre tempos formulado polas partes serán os que a continuación se explicitan no seguinte cadro, afectando ós decorados “Ancora Salmón” e “Vilanova Azul”, e en tódolos supostos similares.

Artigo/Formato	Puntos min/u.	Producción u/h normal	Producción u/h óptima
Prato pan	1,296	46,30	61,71
Prato sobremesa	1,302	46,08	61,42
Prato 26 cm.	1,380	43,48	57,96
Prato 28 cm.	1,452	41,32	55,08
Prato 31 cm.	1,932	31,06	41,39
Prato fondo	1,362	44,05	58,72
Fonte 16 cm.	1,314	45,66	60,87
Fonte 22 cm.	1,746	34,36	45,80
Fonte 28 cm.	1,812	33,11	44,14
Fonte 31 cm.	1,968	30,49	40,64
Cazoleta 13 cm.	*	31,06	41,39

*Por proxección do árbitro.

O presente laudo poderá ser obxecto de recurso ante a xurisdicción social nos termos establecidos no pr. 4 do art. 24 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos de Traballo (AGA).

Dado en Vigo, o dous de xuño de dous mil